

As suxestións, propostas e, de ser o caso, as queixas que se produzan serán utilizados como indicadores para a evolución da calidade e especificamente para o seguimento do cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de atención ao peregrino 2010.

### ANEXO B

#### Catálogo de medios e recursos

Os medios e recursos que se van empregar neste plan son os recollidos no Catálogo de medios e recursos de protección civil e emerxencias de Galicia e do Platerga (Plan Territorial de Protección Civil de Galicia), dos que se dispón en soporte informático e coa correspondente aplicación no Centro de Atención ás Emerxencias CAE 112.

### ANEXO C

#### Servizos engadidos. Previsións meteorolóxicas para os camiños


Durante a duración deste plan, a través da oportuna colaboración entre a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a Delegación Territorial en Galicia da Axencia Estatal de Meteoroloxía e Meteogalicia, preténdese realizar unha previsión meteorolóxica nas diferentes rutas xacobeas (por tramos) sobre nevaradas, frío, néboas, raios, precipitacións e outros meteoros e, no verán, índices de ultravioleta.

A predición meteorolóxica permitiralles aos peregrinos dispoñer desta información nos albergues, nos puntos de información das rutas, chamando aos teléfonos que se habiliten para o efecto ou nas páxinas web dos organismos anteriormente indicados.

Esta información tamén se facilitará aos albergues de turismo rural, aos parques naturais, etc.

### ANEXO D

#### Organigrama do plan



*Resolución do 20 de abril de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrència competitiva, para a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións e espazos deportivos e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2010.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, recolle, no seu artigo 27.22º, a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte. O Decreto 82/2009, do 21 de abril, establece os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia e crea a Secretaría Xeral para o Deporte, a que corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de deportes e, en particular, de acordo co artigo 6.1º e), a colaboración coas administracións locais a través de axudas e subvencións para a construción de infraestruturas e adquisición de equipamentos deportivos.

De acordo co anterior, e mediante as subvencións que se aproban nesta resolución, preténdese a colaboración cos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia para a mellora das instalacións e espazos deportivos de titularidade municipal precisos para o axeitado desenvolvemento da práctica deportiva, co gallo do fomento da actividade física enmarcado nun estilo de vida saudable.

Os aspectos máis destacados da acción programada contéñense nas bases que regulan o réxime de outorgamento das subvencións, nas cales se identifican con claridade os beneficiarios e as actuacións subvencionables, para establecer posteriormente os trámites esenciais do procedemento administrativo, así como os requisitos para a xustificación da realización das distintas actuacións.

O outorgamento das subvencións será efectuado baixo estritos criterios obxectivos que se explican con detalle no artigo 5º para permitir acoller e prestar apoio a aquelas actuacións de máis entidade.

Nos orzamentos xerais da Secretaría Xeral para o Deporte, existe crédito axeitado e suficiente para as axudas que son obxecto desta convocatoria.

Esta resolución, así como as bases reguladoras que establece, adáptanse á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, que desenvolve o réxime de axudas públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como aos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, conxunto normativo en que se establecen os requisitos xerais das subvencións concedidas pola Administración autonómica, tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, obxectividade e concorrència.

Polo exposto, e en uso das facultades que teño atribuídas pola lexislación vixente de aplicación,

**DISPOÑO:**

**Artigo 1º.-Obxecto.**

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e proceder á convocatoria para o ano 2010, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións e espazos deportivos, de acordo cos requisitos que se establecen no artigo seguinte.

Poderán acollerse a estas subvencións as actuacións que se describen neste artigo sempre que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2010 e a data de xustificación dos investimentos establecida no artigo 12º.

**Artigo 2º.-Actuacións subvencionables.**

Resultarán susceptibles de ser subvencionadas aquelas actuacións que resulten subsumibles nalgúns dos seguintes puntos, atendendo á necesidade ou fin que se debe satisfacer:

Construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións e espazos deportivos de titularidade pública que se detallan nos parágrafos seguintes, sempre que, polo importe a que ascenden, poidan ser realizadas baixo a modalidade de contrato menor de acordo co establecido nos artigos 95 e 122 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

1) Actuacións de nivel 1:

-Pistas multideportivas ao aire libre.

-Circuítos biosaudables ao aire libre: obras necesarias para a instalación dos aparellos para a realización dos exercicios.

-Rutas de sendeirismo e ciclismo, incluíndo a súa correcta sinalización.

-Rutas para a carreira incluíndo a súa correcta sinalización.

-Circuítos urbanos para camiñar e ir en bicicleta, incluíndo a súa correcta sinalización.

-Espazos para a práctica do patinaxe: patíns e skate.

-Cubrimentos novos de pistas e outros espazos ao aire libre susceptibles de aproveitamento para a práctica de actividades físicas e deportivas, ou realización das reparacións necesarias dos xa existentes, total ou parcialmente.

-Ximnasia ou salas de fitness

2) Actuacións de nivel 2:

-Instalacións para deportes tradicionais.

-Pistas de pádel

-Vestuarios

-Outras instalacións ou espazos.

Non serán obxecto de subvención as actuacións que pretendan a conservación e o mantemento ordinario das instalacións e os espazos deportivos (reposición de vidros, pintado interior/exterior e análogos).

**Artigo 3º.-Beneficiarios.**

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións que se regulan nesta orde os concellos ou agrupacións de concellos do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia en que concorran os requisitos previstos no artigo 10.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os beneficiarios deberán acreditar a propiedade do inmovible ou instalación de que se trate ou posuír dereitos temporais para o seu uso e disfrute non inferiores a 10 anos, ou, no caso de rutas ou circuítos, acreditar que o seu trazado percorre por camiños ou vías de dominio público. No caso de agrupacións de concellos, xuntarán as acreditacións de cada participante no proxecto conxunto.

2. A asignación económica da subvención terá carácter individual para cada concello e, no caso de agrupacións de concellos para realizar un único proxecto en común, asignarase unha única subvención. Nestes casos, os concellos integrantes da agrupación nomearán un/unha representante único/a do proxecto conxunto, que actuará como interlocutor coa Secretaría Xeral para o Deporte.

3. Non poderán obter a condición de beneficiarios os concellos que resultasen beneficiarios de subvención ao abeiro da Resolución do 30 de xullo de 2009 (DOG nº 149, do 31 de xullo), e a Resolución do 29 de outubro de 2009 (DOG nº 218, do 6 de novembro) e non xustificarán axeitadamente a realización da actuación subvencionada, sen presentar renuncia expresa e por razóns xustificadas, aceptada pola Secretaría Xeral para o Deporte.

4. Ademais, os beneficiarios de subvencións por un importe de ata 50.000 € ao abeiro das convocatorias anteriormente relacionadas nas actuacións as que se refire o artigo 2º desta resolución, pasarán a ocupar o seguinte lugar na orde de puntuación final ao último concello solicitante nesta convocatoria que non obtivese nesas dúas convocatorias do ano 2009, cando a solicitude sexa de ata o mesmo importe de 50.000 euros.

**Artigo 4º.-Compatibilidade.**

As subvencións que se regulan nesta orde son compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo da obriga de comunicar ao órgano concedente a súa obtención.

Artigo 5º.-*Procedemento e criterios obxectivos de adxudicación das subvencións.*

### 1. Procedemento.

A proposta de outorgamento da subvención formularaa o órgano instrutor, á vista dos traballos levados a cabo pola comisión avaliadora, unha vez aplicados os criterios de valoración, e logo da agrupación ou ordenación das diversas solicitudes nos respectivos puntos ou finalidades perseguidos por esta orde, co obxecto de garantir que a competencia entre os proxectos ou acción concorrentes se produza entre acción de dimensións similares e que persigan finalidades análogas.

### 2. Criterios.

O outorgamento das subvencións determinarase atendendo aos seguintes criterios obxectivos de valoración das respectivas solicitudes:

1. Criterios que considerar para infraestruturas: ata 100 puntos:

a) Programa de actividades para o ano 2010 que se levará a cabo na instalación ou espazo deportivo para que se solicita a subvención: ata 30 puntos:

\*Actividades físicas e deportivas para poboación de 65 ou máis anos: valorarase a calidade do programa, ata 8 puntos, en función de:

-Obxectivos formulados: ata 1 punto.

-Os contidos que se van desenvolver: ata 1 punto.

-A súa temporalización e duración do programa: ata 2 puntos.

-Os criterios de avaliación formulados: ata 1 punto.

-As actuacións de promoción do uso das instalacións: ata 3 puntos.

\*Actividades físicas e deportivas para poboación adulta (26 a 64 anos): valorarase a calidade do programa, ata 9 puntos, en función de:

-Obxectivos formulados: ata 1 punto.

-Os contidos que se van desenvolver: ata 1 puntos.

-A súa temporalización e duración do programa: ata 2 puntos.

-Os criterios de avaliación formulados: ata 2 puntos.

-As actuacións de promoción do uso das instalacións: ata 3 puntos.

\*Actividades físicas e deportivas para poboación de 15 a 25 anos: valorarase a calidade do programa, ata 9 puntos, en función de:

-Obxectivos formulados: ata 1 puntos.

-Os contidos que se van desenvolver: ata 1 punto.

-A súa temporalización e duración do programa: ata 2 puntos.

-Os criterios de avaliación formulados: ata 2 puntos.

-As actuacións de promoción do uso da instalacións: ata 3 puntos.

\*Actividades específicas para poboación feminina: ata 2 puntos.

\*Actividades específicas para persoas con discapacidade: ata 2 puntos.

b) Número de habitantes: ata 30 puntos:

-Concellos de máis de 20.000 habitantes ou agrupacións de concellos que sumen esa poboación: 10 puntos.

-Concellos de entre 5.000 y 20.000, ambos os dous incluídos, ou agrupacións de concellos que sumen esa poboación: 20 puntos.

-Concellos de menos de 5.000 habitantes ou agrupacións de concellos que sumen esa poboación: 30 puntos.

c) Tipo de actuación para a que se solicita a axuda:

-Para actuacións de nivel 1: 40 puntos.

-Para actuacións de nivel 2: 10 puntos.

As axudas concederanse aos solicitantes de conformidade cos seguintes criterios:

1. Os que obteñan unha maior puntuación, ata esgotar o crédito previsto, con excepción do recollido no artigo 3º.4.

2. A subvención acadará ata un máximo de 50.000 €.

Para as actuacións previstas no artigo 2º, obras, o importe da axuda será:

-Para as obras do tipo 1 (artigo 2º.1): 80 % do importe total do investimento.

-Para as obras do tipo 2 (artigo 2º.2): 60 % do importe do investimento.

No caso de empate na puntuación, no referente ás actuacións previstas no artigo 2º a), priorizaranse as solicitudes de actuacións de nivel 1 sobre as de nivel 2. No caso de proseguir o empate, priorizaranse aquelas cunha maior puntuación no artigo 5º.1 a). No caso de proseguir o empate priorizaranse as de concellos, ou agrupacións de concellos, de maior número de habitantes.

Artigo 6º.-*Crédito orzamentario.*

As subvencións que se convocan por medio desta resolución faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 04.60.441A.760.0, e ata a contía máxima que se detalla a seguir:

Aplicación orzamentaria	2010
04.60.441A.760.0	1.122.600 €

Non obstante o anterior, a comisión de avaliación poderá propor modificación da contía referida en función das solicitudes recibidas. O crédito previsto poderá ser incrementado de acordo cos artigos 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e o 30.2º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, pola que se aproba o regulamento da Lei 9/2007.

*Artigo 7º.-Importe máximo das actuacións e determinación das axudas.*

1. As obras obxecto de subvención ao abeiro desta convocatoria poderán acadar a cantidade de cincuenta mil euros (50.000 €) máis IVE.

2. Para as actuacións previstas no artigo 2º. Actuacións, o importe da axuda da Secretaría Xeral para o Deporte será:

-Para as actuacións do tipo 1 (artigo 2º.1): 80% do importe total do investimento.

-Para as actuacións do tipo 2 (artigo 2º.2): 60% do importe total do investimento.

As porcentaxes citadas serán calculadas sobre o importe consignado na correspondente solicitude, sen que tal importe poida experimentar modificación ningunha por razón da contía da subvención finalmente outorgada.

3. Para o caso de que, como consecuencia de incidencias producidas, as subvencións outorgadas non sexan aceptadas ou que posteriormente se renuncie a elas, os créditos que tivesen tal orixe poderán ser reasignados a outros solicitantes, sen necesidade de mediar nova convocatoria pública, tras a proposta formulada para o efecto polo órgano instrutor, e entre as restantes solicitudes que, obtendo unha maior valoración, non acadasen a suficiente para seren incluídas na proposta anterior ou inicial.

*Artigo 8º.-Presentación de solicitudes e documentación que presentarán os interesados.*

As solicitudes cubriranse nos impresos oficiais, segundo os modelos que se xuntan como anexo I. Obras. Os interesados poderán presentar unicamente unha solicitude por cada unha das modalidades de actuacións, recollidas no artigo 2º. A súa presentación implica o compromiso de someterse ás normas reguladoras da subvención establecidas nesta resolución.

1. Para infraestruturas deportivas, achegarase a seguinte documentación:

a) Memoria valorada con detalle dos custos da obra que se pretende realizar, subscripta por técnico municipal competente.

b) Documento acreditativo da titularidade do terreo ou inmovible en que se pretenda realizar a actuación. Os terreos deberán ser de titularidade da entidade solicitante ou, no seu defecto, esta deberá posuír título bastante que o habilite para a realización das obras e o uso posterior do construído ou

reformado por período non inferior a dez (10) anos, ou, no caso de rutas ou circuitos, acreditar que o seu trazado discorre por camiños ou vías de dominio público.

c) Programa de actividades para o ano 2010, citado no artigo 5.1º a).

d) Declaración do conxunto de todas as solicitudes de subvención efectuadas ou concedidas para un mesmo proxecto ou actividade ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos (anexo II).

e) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención da subvención recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (anexo III).

f) Certificado do secretario do concello dos habitantes rexistrados no padrón municipal do concello.

2. No caso de agrupacións de concellos, achegárase a mesma documentación xuntando as de cada participante no proxecto conxunto.

*Artigo 9º.-Lugar e prazo de presentación de solicitudes e emenda de deficiencias.*

As solicitudes (anexo I) dirixiranse aos servizos provinciais da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia mediante a súa presentación por calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de solicitudes presentadas por concellos agrupados o mancomunados, tal como prevé o artigo 1º desta resolución, a solicitude acreditará a súa representación, e facilitará os datos necesarios para o ingreso da cantidade que, de ser o caso, lle poidese corresponder.

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Recibidas as solicitudes e a documentación complementaria, serán analizadas detalladamente, co obxecto de comprobar que están debidamente cubertas e suficientemente documentadas. En caso contrario, requirirán o solicitante para que no prazo improrrogable de dez (10) días hábiles proceda a emendar as deficiencias observadas, coa advertencia de que, se non o fixese así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da adopción da oportuna resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Realizadas as operacións anteriores constituirase no seo da Secretaría Xeral para o Deporte a comisión avaliadora regulada no artigo 10º desta orde, que será a encargada de proceder á avaliación das solicitudes consonte cos criterios contidos no artigo 5º.

Artigo 10º.-*Órganos competentes para a xestión da subvención e para ditar a resolución e prazo en que será ditada.*

### 1. Comisión avaliadora.

A totalidade das solicitudes presentadas serán obxecto de detallado estudo por parte dunha comisión avaliadora encargada de valoralas mediante a aplicación dos criterios obxectivos sinalados no artigo 5º.

A comisión avaliadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidenta: a subdirectora Xeral de Deportes, ou persoa en quen delegue.

Vogais:

-O xefe do Servizo de Coordinación Deportiva da Secretaría Xeral para o Deporte.

-O xefe do Servizo de Supervisión de Proxectos e Seguimento de Obras da Secretaría Xeral para o Deporte: un técnico deportivo da Secretaría Xeral para o Deporte.

Secretario: un funcionario da Secretaría Xeral para o Deporte, que participará con voz pero sen voto.

### 2. Órganos competentes para a instrución e o outorgamento.

A Subdirección Xeral de Deportes será o órgano instrutor do procedemento, e elevará proposta de resolución, conforme todo o actuado, ao secretario xeral para o Deporte, quen adoptará a resolución en virtude da cal se outorgarán ou denegarán as subvencións solicitadas, en exercicio das competencias desconcentradas nos secretarios xerais dependentes da Presidencia, en virtude da disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG nº 119, do 19 xuño).

### 3. Notificacións e recursos.

A resolución das subvencións seralles notificada aos solicitantes nun período máximo de catro (4) meses contados desde o día seguinte á data de publicación desta resolución y no *Diario Oficial de Galicia*. Esgotado o dito prazo sen resolución expresa, poderá entenderse desestimada a petición correspondente.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a notificación individual poderá ser substituída pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte, con indicación neste caso da data da convocatoria, do beneficiario, da cantidade concedida e da finalidade da subvención outorgada. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes

desestimadas con expresión dos motivos da desestimación.

Contra esta resolución, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o secretario xeral para o Deporte, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG nº 119, do 19 de junio), no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da oportuna notificación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous (2) meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

4. No prazo máximo de tres (3) meses contados desde a data da resolución de concesión publicárase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención. Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e poderá ser substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte.

### Artigo 11º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. De acordo co artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, poderase acordar a modificación da resolución de concesión por instancia do beneficiario, sempre que este presente a solicitude de modificación con anterioridade á data de finalización do prazo de xustificación do investimento obxecto de subvención e se cumpran os seguintes requisitos:

a) que se produzan circunstancias ou cambios substanciais durante o desenvolvemento da actuación subvencionada que impidan a súa execución nos termos previstos, sempre que a modificación que se pretende estea suficientemente motivada, sen que constitúa causa para tal modificación que o beneficiario resulte subvencionado por un importe inferior ao inicialmente solicitado;

b) que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros;

c) que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na con-

cesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

3. O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución de concesión de subvención será adoptado polo órgano concedente desta, logo de proposta razoada do órgano instructor.

*Artigo 12º.-Prazo e forma de xustificación do cumprimento da finalidade para a cal se lle concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.*

1. Os beneficiarios das axudas deberán xustificar a realización das accións subvencionadas antes do día 30 de setembro de 2010.

A documentación xustificativa será presentada diante dos servizos provinciais da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, onde se procederá a comprobar a súa corrección. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado, o órgano administrativo competente requirirá o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente, de acordo co artigo 45 do Decreto 1/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o incumprimento do prazo de xustificación poderá dar lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada e posibilitará a reasignación de tales créditos nos termos previstos nesta orde.

Con anterioridade a formular a proposta de pagamento da subvención, unha vez rematadas as obras ou adquirido o equipamento deportivo, levarase a cabo un acto de comprobación do investimento efectuado, ao cal asistirá un representante da Secretaría Xeral para o Deporte e do cal quedará constancia a través da oportuna acta.

2. A xustificación documental da realización da actuación obxecto da subvención estará integrada polos documentos que a seguir se enumeran:

a) Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 €, o beneficiario deberá solicitar, de acordo co artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que poidan executar a obra, ou salvo que o gasto se realízase con anterioridade á solicitude de subvención.

A elección entre as ofertas solicitadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

b) O beneficiario achegará facturas xustificativas da realización da obra acompañadas da documentación acreditativa do pagamento. A xustificación tamén poderá consistir, segundo o establecido no artigo 28.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de sub-

vencións de Galicia, na certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.

c) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, polas distintas administracións públicas competentes ou por calquera dos seus organismos, entes ou sociedades (anexo II).

3. Os beneficiarios están exentos de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración da comunidade autónoma, por estar nos supostos previstos no artigo 48.1º da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Non obstante o anterior, observarase o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: o solicitante deberá presentar a correspondente declaración responsable a que fai referencia o antedito artigo.

4. Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitable respondan á natureza da actividade subvencionada. Entre tales gastos poderán ser incluídos os seguintes: honorarios facultativos de redacción de proxectos técnicos, dirección de obra e análogos; prezo dos contratos de obra adxudicados; taxas ou impostos estatais, autonómicos ou municipais vinculados á expedición das oportunas autorizacións e licenzas.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, e deberá acreditarse o pagamento a través da documentación xustificativa axeitada.

A xustificación deberá comprender a totalidade do investimento ou actuación realizada, e deberá acreditarse o importe, a procedencia e a aplicación dos restantes recursos achegados, xa sexan fondos propios ou outras subvencións.

*Artigo 13º.-Consentimentos e autorizacións.*

1. Conforme o establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os documentos exixidos que xa estean en poder da Administración actuante non deberán ser achegados coa solicitude, sempre que con esta se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foi presentada a documentación e que non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corres-

pondan. No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente coa sinatura da solicitude (anexo I) a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás subvencións recibidas, así como as sancións impostas, no devandito rexistro, sen prexuízo dos supostos en que a publicidade resulte excluída en virtude do disposto no decreto citado ou norma de rango legal.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, esta secretaría publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

#### Artigo 14º.-*Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. No suposto de incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e, en xeral, nos casos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no capítulo I do título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da mencionada Lei 9/2007, procederá o reintegro total ou parcial das subvencións percibidas, así como dos xuros de mora correspondentes.

2. O reintegro a que se refire o punto anterior farase efectivo de acordo co procedemento previsto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no capítulo II do título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da referida lei.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no título VI do xa mencionado Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007.

#### Artigo 15º.-*Outras obrigas dos beneficiarios perceptores das axudas ou subvencións.*

Son obrigas dos beneficiarios as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, fundamentalmente, as seguintes:

a) As entidades a que se lle conceda subvención quedarán obrigadas a asumir ao seu cargo os aumen-

tos que se produzan, no caso de que o custo das obras ou equipamentos resulte superior á valoración prevista no orzamento, ou ben, por revisión dos prezos, adicionais, prórrogas e outros supostos.

b) Quedarán sometidas ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e ao control financeiro que lle correspondan á Consellería de Facenda ou aos órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que achegarán canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Deberán destinar os bens adquiridos ou sobre os que se realicen as obras ao fin concreto para o que se lle concedeu a subvención, por período non inferior a cinco anos, cando se trate de bens inscrites nun rexistro público, e dous anos para o resto dos bens. O incumprimento da obriga de destino referido neste parágrafo será causa de reintegro nos termos establecidos para o efecto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e quedará o ben afecto ao pagamento do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido nos termos legalmente previstos.

d) Os proxectos que se subvencionen terán que publicitar a colaboración da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, tanto durante a realización das obras ou instalación do equipamento como posteriormente, mediante un cartel que se exhibirá en sitio ben visible. As características do dito cartel, así como a súa localización e contido serán indicados pola Secretaría Xeral para o Deporte. Os custos correspondentes á dita publicidade serán por conta do beneficiario da subvención durante a realización das obras.

#### Artigo 16º.-*Lexislación de aplicación.*

En todo o non previsto nestas bases rexerá a normativa xeral en materia de subvencións constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da norma anteriormente citada, así como polos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### *Disposicións de desenvolvemento*

Primeira.-O secretario xeral para o Deporte poderá ditar as resolucións e instrucións que sexan precisas para o desenvolvemento e execución desta resolución.

#### Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2010.

Por desconcentración (Decreto 325/2009)

José Ramón Lete Lasa

Secretario xeral para o Deporte



**XUNTA DE GALICIA**  
 PRESIDENCIA  
 Secretaría Xeral para o Deporte

ANEXO I

**OBRAS DE CONSTRUCCIÓN, MELLORA, ACONDICIONAMENTO E REFORMA DE  
 INSTALACIÓNS E ESPAZOS DEPORTIVOS**

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓN A CONCELLOS DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS                  DE CONSTRUCCIÓN, MELLORA, ACONDICIONAMENTO E REFORMA DE                  INSTALACIÓNS E ESPAZOS DEPORTIVOS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO  <b>PR945F</b>	DOCUMENTO  <b>SOLICITUDE</b>
--	---	------------------------------------

**1.- DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

NOME DO/A REPRESENTANTE		NIF	
CONCELLO		PROVINCIA	CIF
ENDEREZO			CÓDIGO POSTAL
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS DA CONTA BANCARIA**

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
-----------------	--------------------	--------------------	--------------------------

**2.- DATOS DA SOLICITUDE**

BREVE DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN
IMPORTE TOTAL DA ACTUACIÓN  IMPORTE TOTAL DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

**3.- DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA**

MEMORIA VALORADA.  
 TITULARIDADE DO TERREO OU INMOBLE.  
 PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA 2010.  
 ANEXO II.  
 ANEXO III.  
 CERTIFICACIÓN DE HABITANTES.

**ACEPTO:**  
 O compromiso de someterme ás normas da convocatoria e facilitar a información e a documentación que se solicite, consentindo expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes en relación á subvención referida, así como as sancións impostas, no correspondente rexistro público da Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE -Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, pola que se aproba o regulamento da referida Lei 9/2007. -Resolución do 30 de xullo de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións e espazos deportivos e para a adquisición de equipamentos deportivos e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2009. -Resolución do 20 de abril de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións e espazos deportivos e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2010.
SINTURA E SELO DO SOLICITANTE  Lugar e data _____, de _____ de _____

<b>(Para cubrir pola Administración)</b>		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
		DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

## ANEXO II

## DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

Don/dona \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_  
alcalde/sa do Concello de \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_

**DECLARO, baixo a miña responsabilidade que,** en relación con outras axudas solicitadas para este mesmo proxecto ás distintas administracións públicas competentes ou a entidades privadas e tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución:

**AXUDAS SOLICITADAS:**

- Non se solicitaron outras axudas para este mesmo proxecto.  
 Si se solicitaron outras axudas para este mesmo proxecto.

ENTIDADE/INSTITUCIÓN A QUE SE SOLICITOU	OBXECTO DA AXUDA	IMPORTE
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

**AXUDAS CONCEDIDAS:**

- Non se recibiron outras axudas para este mesmo proxecto.  
 Si se recibiron outras axudas para este mesmo proxecto.

ENTIDADE/INSTITUCIÓN QUE CONCEDEU	OBXECTO DA AXUDA	IMPORTE
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

E, para que así conste, asino esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
(Sinatura e selo)



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

## ANEXO III

## DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓNS

Don/dona \_\_\_\_\_  
alcalde/sa do Concello de \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_

Solicitante de subvención da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia para a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións e espazos deportivos:

Actuación concreta para a que solicita a axuda:

**DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Que o concello que represento non está incursado en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario que se sinalan no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lugar e data

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura e selo da entidade